

Nome.-..... Número:.....

Antes de comenar fíxate ben en todo. Fai unha lectura paseniña e reflexiva e organiza o teu tempo. Repasa o que contestes e faino con limpeza e claridade.

O Instituto Galego de Estadística (IGE) é o organismo da Xunta encargado de centralizar e organizar todos os datos que afectan a calquera tema de Galicia. Entre outros moitos, o IGE tamén recolle os datos relacionados coa **demografía**. En concreto, e respecto **ao ano 2018**, o IGE cita os seguintes datos respecto do Concello de Carballo:

-Poboación absoluta: 31.261

-Nacementos: 246

-Defuncións: 361

-Emigrantes: 767

-Inmigrantes: 988



1.- A) Analizando os datos, que crecemento natural observas para o noso concello no remate do ano 2018? (0,5 p)

Crecedemento Natural: Diferencia entre nacementos e defuncións. Como hai máis defuncións vai ser negativo. $361 - 246 = -115$

B).-Qué saldo migratorio observas? (0,5 p)

Saldo Migratorio: diferenza entre inmigrantes e emigrantes. Como hai máis inmigrantes será positivo. $988 - 767 = +221$

C).- Que crecemento real estableces para Carballo nese ano? (0,5 p)

Crecedemento Real: diferenza entre crecedemento natural y saldo migratorio. $-115 + 221 = +106$

D).- Que poboación habería a 01 de xaneiro do 2019? (0.5 p)

$31.261 + 106 = 31.367$ persoas

E).- Se todo o concello de Carballo ten unha extensión de 186 Km cuadrados, que densidade habería no ano 2019? (0.5 p)

Densidade; dividir o nº habitantes entre os Km cuadrados. $31.367 : 186 = 168,63 \text{ hab/km}^2$

F) No texto se fala do termo “Demografía”, pero que significa ese termo? (0,5 p)

A demografía é a ciencia que estudia a poboación. Serve àra coñecer como é, como se distribúe e como evoluciona a poboación dun determinado lugar.

2.- NA PROCURA DE TRABALLO

Unha das causas fundamentais da emigración e marchar na procura de traballo. Así, a veciña cidade de



A Coruña é un dos lugares a onde máis marchan os habitantes da bisbarra de Bergantiños. A Coruña ten unha poboación aproximada de 250.000 habitantes, dos cales un 44% deles son xubilados, nenos ou estudantes e polo tanto forman a poboación non activa. Do resto, o 85% é poboación ocupada e un 15% está en paro. Por

último, no a distribución por sectores económicos faise do seguinte xeito: Sector Primario (4%), Sector Secundario (20%) e o resto no Sector Terciario.

A) Cos datos anteriores, completa esta taboa e escribe os datos numéricos de poboación en cada apartado: (3.00 p)

POBOACIÓN DE A CORUÑA 250.000 HAB			
POBOACIÓN ACTIVA			POBOACIÓN NON ACTIVA
<p>Poboación activa é o 56% de 250.000= 140.000 persoas</p> <p>Poboación ocupada é o 85% de 140.000 persoas= 119.000 persoas</p>			<p>44% de 250.000= (250.000 x 44) : 100= 110.000 persoas</p>
SECTOR PRIMARIO	SECTOR SECUNDARIO	SECTOR TERCIARIO	
<p>4% de 119.000= 4.760 personas</p>	<p>20% de 119.000= 23.800 personas</p>	<p>76% de 119.000= 90.440 personas</p>	

B) No texto falabamos que unha das causas principais dos movementos migratorios é a procura dun traballo, pero que outras causas poden influir na aparición destas migracións? (1.00 p)

Causas sociais e económicas (pobrezas, procura de mellores condicións de vida); Causas Políticas (guerras, conflitos raciais, conflitos relixiosos); Causas naturais (furacáns, tsunamis, terremotos, secas); Causas familiares (reagrupamento familiar).

3.- DE EXCURSIÓN POR ESPAÑA E GALICIA

No programa de TVE que emiten as 20.00 horas todos os días, de luns a venres, fan un percorrido por diversos lugares da xeografía española. Atendendo as emisións da semana pasada fixeron o seguinte roteiro que imos relatar ao traveso de diversas pistas. Contesta co nome da provincia ou comunidade Autónoma que se te indique e logo sitúa o número correspondente no mapa: (2.00 p)

- 1.-Provincia andaluza con capital da Comunidade Autónoma **Sevilla** (1)
- 2.- Provincia cujos habitantes se chaman careceremos **Caceres**(2)
- 3.- Provincia de Castela-León que fai fronteira con Galicia e Portugal **Zamora** (3)
- 4.- Provincia galega que limita con un Principado **Lugo** (4)
- 5.- Comunidade Autónoma que limita co País Vasco e Francia **Navarra** (5)
- 6.-Provincia máis o Norte de Castela-A Mancha **Guadalaxara** (6)
- 7.- Comunidade Autónoma uniprovincial do Mediterráneo **Murcia**(7)
- 8.- Comunidade Autónoma insular uniprovincial **Baleares** (8)




B) Pinta as seguintes CC.AA e sinala as súas provincias: (1.00 p)

Cataluña (azul), A Rioxa (verde), Extremadura (amarelo), Cantabria (vermello), Aragón (laranxa).

Comprobar co mapa da páxina 77 do libro.

B.-E agora que xa visitamos moitos lugares imos mergullarnos en Galicia. Primeiro contesta destas cuestións:

- Galicia ten unha extensión aproximada de **30.000 km² (29.574 km²)** e os seus límites son; ao Norte **o Mar cantábrico**; ao sur **Portugal**; ao Leste **Asturias e Castela-León** e ao Oeste **o Océano Atlántico**.
- A costa galega **é extensa e moi recortada**.
- Unha ría **é a entrada do mar na terra**.
- Nas zonas montañosas hai as seguintes unidades de relevo:**Serras Septentrionais, Centrais e orientáis e Surorientais e terras chas**.
- O Río máis caudaloso galego é **o Miño** e o seu afluente principal é **o Sil**.
- Se coñece como Illas Atlánticas **ao conxunto de illas de Ons, Sálvora, Cortegada, e illas Cies**. **É un Parque Natural**.
- O clima galego é **un clima atlántico**.
- Este clima se caracteriza por **temperaturas suaves e precipitacións abundantes**.
- A capital de Galicia é **Santiago**, que está na provincia de **A Coruña**. A cidade máis importante de Pontevedra é **Vigo**. A comarca onde nos estamos chámase comarca de **Bergantiños** e está formada polos seguintes concellos: **Carballo, Coristanco, A Laracha, Laxe, Malpica, Cabana, Ponteceso**



Señala en el siguiente mapa con la letra que corresponde:
ver mapa

- a)Pena Trevinca
- b)Rías Baixas
- c)Rías Altas
- d)Río Miño
- e)Estaca de Bares
- f)Cabo Fisterra
- g)Carballo
- h)A Coruña
- i)Ourense